

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 10 DE SETEMBRO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dez de setembro de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as trece horas quince minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 28 de agosto de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- LICENZA DE OBRAS

- Bruno López García

ANTECEDENTES

1. Don BRUNO LÓPEZ GARCÍA, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Negrelos, parroquia de Negrelos, solicitou con data 15 de abril de 2024 (RE-E núm. 198) licenza municipal

- de obras para CORTE PARA VACÚN DE CARNE, con emprazamento no lugar de Vilameá, parroquia de Negrelos.
2. Achégase proxecto técnico básico e de execución (visado colexial núm. ■■■, do 10/06/24), así como modificado de dito proxecto (visado colexial núm. ■■■, do 07/08/24), redactados pola enxeñeira técnica agrícola Dona Cristina Fraga Sanjurjo.
 3. O prazo de inicio das novas obras non poderá exceder de seis (6) meses, e o de execución non poderá exceder de tres (3) anos.
 4. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. A explotación de vacún proxectada sitúase en terreos clasificados como “*solo rústico de protección forestal*” polo PXOM en vigor.
4. Proxéctase a ampliación dunha explotación gandeira existente mediante a construción dunha corte que se situará nunha parcela diferente á que alberga as instalacións actuais.
5. Non se proxecta incremento da capacidade produtiva.
6. As obras proxectadas pretenden unicamente modificar o emprazamento das cabezas de gando para garantir o benestar animal, mellorar o manexo do gando e cumprir coa normas ambientais, mellorando así mesmo a calidade de vida do núcleo de poboación onde se asenta actualmente a gandería.

7. O orzamento de execución material das obras proxectadas ascende á cantidade de NOVENTA E CATRO MIL OITOCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (94.834,90 €).
8. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.
9. As construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva e as granxas correspóndense cun uso admisible en calquera categoría de solo rústico logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística segundo o artigo 36.1 da LSG.
10. O contido urbanístico do proxecto presentado coincide cos seguintes extremos:

Titular do predio	████████████████████
Inscripción no Rexistro da Propiedade	Non consta no expediente
Ref ^o catastral das parcelas	36047A081001940000PD 36047A081002070000PY (agrupadas ante notario)
Superficie da parcela	7.691,00 m ²
Uso autorizado	Explotación de vacún
Superficie ocupada en planta	640,00 m ²

11. A actividade obxecto da licenza non foi sometida a declaración de incidencia ambiental ao non acadar a capacidade establecida no anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), segundo o informe emitido pola técnica municipal de medio ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge con data 10 de setembro de 2024.
12. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a

- competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 da LSG).
13. O Servizo de Montes do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra, en data 17/07/24, informa de xeito favorable o proxecto (expediente núm. [REDACTED]).
 14. Con data 20/06/24 (RS núm. 448) achégase ao Servizo de Prevención de Incendios Forestais do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra o proxecto de prevención e defensa contra incendios forestais da instalación proxectada, redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dona Cristina Fraga Sanjurjo, aos efectos de xustificar o cumprimento das medidas de aplicación establecidas no artigo 23.2 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
 15. O director territorial do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra emite informe en data 09/07/24 (RE núm. 1141, do 11/07/24) considerando que a análise do proxecto é de competencia exclusivamente municipal.
 16. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
 17. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
 18. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
 19. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Don BRUNO LÓPEZ GARCÍA licenza municipal de obras para CORTE PARA VACÚN DE CARNE, con emprazamento no lugar de Vilameá, parroquia de Negrelos, con estrita suxeición ao proxecto técnico básico e de execución (visado colexial núm. ■■■, do 10/06/24), así como modificado de dito proxecto (visado colexial núm. ■■■, do 07/08/24), redactados pola enxeñeira técnica agrícola Dona Cristina Fraga Sanjurjo, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.
- c) A presente licenza queda sometida á condición suspensiva, no que atinxe ao inicio das obras e implantación do uso, ata que se xustifique o cumprimento das obrigas establecidas conforme o artigo 39 e) da LSG. Aos citados efectos, será suficiente que o titular da licenza presente ante o Concello certificación expedida polo Rexistro da Propiedade da vinculación da total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas na presente licenza (artigo 39 e) da LSG en relación co disposto nos artigos 65 e 67.3 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana).
- d) Co certificado final de obra achegárase certificado de estanquidade e impermeabilidade da fosa séptica, asinado polo técnico director das obras e visado polo correspondente colexio profesional.

- e) Co certificado final de obra achegarase certificado de impermeabilidade da soleira da corte e da esterqueira, asinado polo técnico director das obras e visado polo correspondente colexio profesional.
- f) Os residuos xerados pola actividade xestionaranse con xestores autorizados, segundo a súa tipoloxía e de acordo á normativa vixente
- g) A utilización do esterco como fertilizante agrícola respectará as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por Ha. segundo o RD 47/2022, do 18 de xaneiro, de protección das augas contra a contaminación difusa producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias, e o Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.
- h) Deberase proceder á legalización do pozo empregado para o abastecemento de auga á explotación ante o organismo competente na materia.
- i) Co certificado final de obra achegarase un certificado emitido pola técnica redactora do proxecto de prevención e defensa contra incendios forestais que acredite que se adoptaron de xeito efectivo as medidas de protección previstas no mesmo.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de MIL OITOCENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS (1.896,70 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de CATROCENTOS SETENTA E CATRO EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS (474,18 €).

3.- CONCESIÓN DAS AXUDAS PARA O TRANSPORTE DO ALUMNADO DO CONCELLO QUE CURSA ESTUDOS FÓRA DO TERMO MUNICIPAL, CURSO 2023-2024

ANTECEDENTES

Primeiro.- O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria urxente celebrada o día 12 de decembro de 2015, acordou aprobar de xeito definitivo

a Ordenanza reguladora para a concesión de axudas para o transporte do alumnado do Concello de Rodeiro que cursa estudos fóra do termo municipal. Dita Ordenanza foi modificada parcialmente por acordo plenario de data 2 de marzo de 2017.

Segundo.- O apartado 5 da ordenanza en vigor dispón textualmente: *“Anualmente a Xunta de Goberno Local realizará no mes de maio a convocatoria específica para o curso académico iniciado o ano anterior”*.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 21 de maio do corrente, realizou a convocatoria correspondente ao curso 2023-2024. Dita convocatoria foi publicada no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal e no Boletín Oficial da Provincia núm. 105, correspondente ao día 30 de maio de 2024.

Cuarto.- Durante o prazo establecido, que rematou o día 19 de xuño de 2024, presentáronse as seguintes instancias:

SOLICITANTE	DNI	NÚM. REXISTRO	DATA	ALUMNO/A
ANA MARÍA JORGE DIÉGUEZ	████████	2024-E-RC-884	05/06/2024	PAULA MOREIRAS JORGE
ROSA Mª FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	████████	2024-E-RC-889	05/06/2024	IRIA ARIAS FERNÁNDEZ
MARÍA ISABEL SAA PAZ	████████	2024-E-RC-897	06/06/2024	PAULA DIÉGUEZ SAA
CARLA AREÁN CAMBEIRO	████████	2024-E-RC-920	11/06/2024	CARLA AREÁN CAMBEIRO
CRISTINA GALBÁN FUNGAI RIÑO	████████	2024-E-RC-953	14/06/2024	NATALIA FAÍLDE GALBÁN
JESSICA FAÍLDE GALBÁN	████████	2024-E-RC-954	14/06/2024	JESSICA FAÍLDE GALBÁN
TOMÁS MANTIÑÁN GARCÍA	████████	2024-E-RC-969	18/06/2024	IRIA MANTIÑÁN FERNÁNDEZ
ELENA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	████████	2024-E-RC-973	18/06/2024	BRAIS CALVO FERNÁNDEZ
MARÍA PAZ VÁZQUEZ FERNÁNDEZ	████████	2024-E-RC-990	19/06/2024	LARA GIL VÁZQUEZ

Quinto.- Realizada a correspondente fase de instrución por parte dos servizos técnicos municipais, requiriuse con data 1 de agosto do corrente a achega de documentación complementaria a cinco (5) das nove (9) solicitudes presentadas. Ditos requirimentos foron cumprimentados en prazo por parte dos/as interesados/as.

Sexto.- O apartado 8 *in fine* da ordenanza en vigor dispón textualmente: *“A aprobación das axudas efectuarase por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local. O acordo de concesión ou denegación será motivado,*

quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte (...)”.

Sétimo.- Con data 29/08/24 o Sr. concelleiro-delegado de Educación emite informe sobre as distancias existentes entre os lugares de residencia dos solicitantes e o núcleo do lugar de Rodeiro, aos efectos de fixar as contías subvencionables segundo o establecido no apartado 6 da ordenanza.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Denegar as seguintes solicitudes polos motivos que de seguido se sinalan:

SOLICITANTE	DNI	MOTIVO DENEGACIÓN
JESSICA FAÍLDE GALBÁN	████████	A alumna cursa estudos en concello non lindeiro con Rodeiro (Base 2).
ROSA Mª FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	████████	A alumna cursa estudos en concello non lindeiro con Rodeiro (Base 2).

Segundo.- Admitir as restantes solicitudes presentadas ao cumprir os requisitos formais establecidos na convocatoria.

Terceiro.- Outorgar axudas para o transporte do alumnado do Concello de Rodeiro que cursa estudos fóra do termo municipal, correspondentes ao curso académico 2023-2024 a favor dos/as solicitantes e pola contía máxima que deseguido se sinala:

SOLICITANTE	DNI	DOMICILIO	CONCELLO ESTUDOS	AXUDA MÁXIMA A CONCEDER
ANA MARÍA JORGE DIÉGUEZ	████████	A Gaiola – Rodeiro	Chantada	225,00 €
MARÍA ISABEL SAA PAZ	████████	A Gaiola – Rodeiro	Lalín	225,00 €
CARLA AREÁN CAMBEIRO	████████	A Ermida – Camba	Lalín	350,00 €
CRISTINA GALBÁN FUNGAI RIÑO	████████	Rodeiro – Rodeiro	Lalín	225,00 €
TOMÁS MANTIÑÁN GARCÍA	████████	A Ferverza – Camba	Lalín	500,00 €
ELENA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	████████	Asperelo – San Martiño de Asperelo	Lalín	500,00 €
MARÍA PAZ VÁZQUEZ FERNÁNDEZ	████████	Rodeiro – Rodeiro	Lalín	225,00 €

Cuarto.- Notificar individualmente o presente acordo aos/ás interesados/as e publicar as axudas concedidas no Taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal.

Quinto.- Requirir aos/ás beneficiarios/as para que presenten, no prazo máximo de quince días naturais contados a partires do día seguinte ao da notificación do presente acordo e de non tela presentada con anterioridade, a documentación esixida na Ordenanza para a xustificación das axudas concedidas.

4.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS PARA O PROGRAMA “CULTURA NO CAMIÑO 2024”

En relación á subvención outorgada pola Axencia Galega das Industrias Culturais, por Resolución de data 22/03/24, para o programa “*Cultura no Camiño 2024*”, por importe de 2.500,00 €, ao abeiro da Resolución do 2 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o programa Cultura no Camiño, de cara ao fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia polos cales discorren os diferentes Camiños de Santiago, e se convocan para o ano 2024 (DOG núm. 35, do 19/02/24) – Expediente ██████████, procede a aprobación da conta xustificativa dos gastos.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida que a continuación se sinala:

- Subvención concedida: 2.500,00 €
- Gasto realizado:

PROVEDOR	CIF	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	DATA PAGO	IMPORTE
JAVIER POLO DURÁN	██████	2024-16	16/07/2024	06/08/2024	07/08/2024	500,00 €
CHARLATANA S. COOP. GALEGA	██████	FV/192	22/07/2024	08/08/2024	12/08/2024	700,00 €
CULTURACTIVA, S. COOP. GALEGA	██████	4912024	16/08/2024	23/08/2024	27/08/2024	2.420,00 €
CULTURACTIVA, S. COOP. GALEGA	██████	4962024	17/08/2024	23/08/2024	27/08/2024	786,00 €
DAVID MERELAS FIGUEROA	██████	2024-54	23/08/2024	28/08/2024	29/08/2024	792,00 €
CRISTINA COLLAZO GÓMEZ	██████	24_78	16/08/2024	03/09/2024	10/09/2024	500,01 €

— Cantidade xustificada: 5.698,01 €

Segundo.- Acreditar o cumprimento axeitado da finalidade para a que foi concedida a subvención e poñer a disposición da Axencia Galega das Industrias Culturais, de ser necesario, o resto da documentación relativa ao investimento que se atopa en dependencias municipais.

5.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA TOTAL DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A CONSTRUCCIÓN, REFORMA, REPARACIÓN, ADECUACIÓN OU MELLORA DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL E PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL DEPORTIVO INVENTARIABLE – ANUALIDADES DE 2023 E 2024

En relación á subvención outorgada pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes por Resolución de data 17/10/23, por importe de 38.646,92 € (liña I) e 4.005,16 € (liña II), ao abeiro da Orde do 28 de xullo de 2023 pola que se procede á segunda convocatoria do ano 2023 para a concesión de subvencións plurianuais e en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a concellos para a construción, reforma, reparación, adecuación e mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal e para a adquisición de material deportivo inventariable (DOG núm. 151, do 09/08/23), procede a aprobación da conta xustificativa total dos gastos correspondentes ás anualidades de 2023 e 2024.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida que a continuación se sinala:

Liña I: Construción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal

— Subvención concedida: 38.646,92 €

— Gasto realizado:

PROVEDOR	CIF	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	IMPORTE
NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L.	████████	23/94	24/11/2023	27/11/2023	26.527,33 €
NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L.	████████	24/018	22/04/2024	30/04/2024	21.781,32 €

— Cantidade xustificada: 48.308,65 €

Liña II: Adquisición de material deportivo inventariable

— Subvención concedida: 4.005,16 €

— Gasto realizado:

PROVEDOR	CIF	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	IMPORTE
BODYTONE INTERNATIONAL SPORT S.L.	████████	VN2307929	03/11/2023	15/11/2023	2.351,99 €
ALMACENES CALMERA S.L.	████████	143 026492	03/11/2023	15/11/2023	524,90 €
REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL	████████	FGF-2023/78	03/11/2023	15/11/2023	390,00 €
PENELA S.C.	████████	30	20/11/2023	21/11/2023	1.814,97 €

— Cantidade xustificada: 5.081,86 €

Segundo.- Acreditar o cumprimento axeitado da finalidade para a que foi concedida a subvención e poñer a disposición da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, de ser necesario, o resto da documentación relativa ao investimento que se atopa en dependencias municipais.

6.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON DISCAPACIDADE

VISTA a solicitude presentada por Don Gumersindo García González (RE núm. 1350, do 23/08/24), e a proposta de resolución emitida con data 04/09/24 pola traballadora social do Concello Dona Tamara García Fuentes, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Don GUMERSINDO GARCÍA GONZÁLEZ, con DNI núm. [REDACTED], veciño do lugar da Portela, parroquia da Portela.

7.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS

Vistos o orzamento presentado en data 10/09/24, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato emitidos pola concelleira-delegada de Infancia, Igualdade e Transformación Dixital Dona Patricia Hermida Deza, con data 10/09/24, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na planificación e desenvolvemento do programa de conciliación “*Concilia en período lectivo 2024*”, entre os días 11 de setembro e 20 de decembro do corrente, ambos inclusive, á ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA IMAXINARIUM, con CIF núm. [REDACTED], e con domicilio social en Lalín, ao prezo de TRECE MIL CENTO VINTE EUROS (13.120,00 €), IVE incluído.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 231/226 do presuposto en vigor.

8.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE FAFIÁN

VISTO o escrito presentado por Don José Luís Presas Valladares, con DNI núm. [REDACTED], veciño do lugar de Trasulfe, parroquia de Fafian (RE-E núm. 441, do 31/07/24), polo que solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais da parroquia de Santiago de Fafian celebradas os pasados días 25 e 26 de xullo do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

9.- DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN RAÑESTRAS. CONCELLOS DE RODEIRO E DOZÓN” (EXPEDIENTE PASS-O 3/2024)

De conformidade co establecido na cláusula 20ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación do contrato administrativo de obras denominado “*Pavimentación de camiño municipal en Rañestras. Concellos de Rodeiro e Dozón*”, en relación ao disposto no artigo 326 e na DA 2ª, apartado 7, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros da mesa de contratación da obra de “*Pavimentación de camiño municipal en Rañestras. Concellos de Rodeiro e Dozón*” ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: José Luís Camiñas Vázquez, alcalde do Concello.

VOGAIS: José Mª Novo Ramos, secretario-interventor do Concello.

Gerardo Abeledo Iglesias, arquitecto técnico municipal.

SECRETARIO: Juan Carlos Diéguez Patao, funcionario do Concello.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as trece horas corenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)